



- Publicación BOP aprobación definitiva.
- Publicación BOP aprobación inicial.
- Certificado acuerdo Pleno.
- Dictame Comisión.
- Proposta modificación Orzamento da Deputación.

Para os efectos previstos na Lei 24/2013 do 26 de decembro (BOE nº. 310) do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro,(BOE nº. 310) polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción da instalación eléctrica que se describe:

- Solicitante: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A.
- Domicilio Social: Polígono Empresarial As Gándaras-Rúa A-parcela U2-Lugo.
- Denominación: Reforma LMTA entrada ao CTC 5426 Lago Rúa.
- Situación: concello de Xove.
- Características Técnicas:

1-Liña de media tensión aérea con orixe nun apoio existente da liña de media tensión Espiñeirido 1 e final nun apoio proxectado na liña de media tensión Espiñeirido 1 tipo C-7000/16, en conductor LA-110.

2-Liña de media tensión subterránea con orixe no apoio proxectado C-7000/16 e final no CTC Lago Rúa, cunha lonxitude de 40 metros en condutor RHZ1-95.

Reforma do centro de transformación Lago Rúa potencia 250 kVA.

Obra civil- consistente na construción dun foso de recollida de aceite, rotura da parede do CT para paso de tubos de MT e BT, revocado e enlucido de paramentos e teito, etc.

Obra eléctrica: consistente na instalación dun novo cadro de BT, reubicar o concentrador, facer novas pontes entre o CT e as celas de media tensión e entre o CT e o cadro de baixa tensión.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o proxecto e presentar as súas alegacións, nesta xefatura territorial, sita na Rolda da Muralla nº. 70-baixo 2- Lugo, no prazo de vinte días a partir do seguinte ao da última publicación desta resolución.

Lugo, 11 de abril de 2016.- Pilar Fernández López, Xefa territorial de Lugo.

R. 1064

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE ACTAS

Anuncio

Aprobado definitivamente o Expediente de Modificación do Orzamento da Deputación do 2016, vía suplemento de crédito, en cumprimento do disposto no art. 169 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, fanse públicos os seguintes resúmenes:

Estado de GASTOS

Capítulo	Consignación actual	Modificación	Consignación final
I. GASTOS PERSONAL	23.912.229,32		23.912.229,32
II. GASTOS BENS CORRENTES E SERVIZOS	14.698.493,67		14.698.493,67
III. GASTOS FINANCIEROS	116.250,00		116.250,00
IV. TRANS.CORRENTES	29.283.496,25	1.090.519,23	30.374.015,48
V. FONDO DE CONT. E OUT. IMPREV.	300.000,00		300.000,00
VI. INVESTIMENTOS REAIS	12.123.574,84	1.500.000,00	13.623.574,84
VII. TRANS.CAPITAL	7.928.904,44	5.428.138,00	13.357.042,44
VIII. ACTIVOS FINANCIEROS	300.000,00		300.000,00
IX. PASIVOS FINANCIEROS	113.464,33		113.464,33
TOTAL	88.776.412,85	8.018.657,23	96.795.070,08

Estado de INGRESOS

Capítulo	Previsión actual	Modificación	Previsión final
1. IMPOSTOS DIRECTOS	5.340.406,00		5.340.406,00
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	4.680.704,20		4.680.704,20
3. TAX., PREC. PÚBL. E OUTROS INGR.	6.660.159,00		6.660.159,00
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	61.753.390,28		61.753.390,28
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	535.000,00		535.000,00
6. ALLEAMENTO DE INVER. REAIS	15.000,00		15.000,00
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.700.298,01		1.700.298,01
8. ACTIVOS FINANCEIROS	27.460.100,27	8.018.657,23	35.478.757,50
TOTAL	108.145.057,76	8.018.657,23	116.163.714,99

O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo, vinte e un de abril de dous mil dezaseis.- **O PRESIDENTE**, Darío Campos Conce. **O SECRETARIO**, Manuel Castiñeira Castiñeira.

R. 1127

CONCELLOS**BECERREÁ***Anuncio*

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 13 de abril de 2016, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de marzo de 2016 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 13/06/2016. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Caixa Galicia. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

LISTADOS DE DIRECCIÓN

PREDIO/S	TITULAR/ES	DIRECCION
011CO, 021CO	SALVATIERRA SÁNCHEZ BENITO, JUAN MANUEL; SÁNCHEZ GARCÍA CONCEPCIÓN	Tiagonce, 1. Lourenzá

R. 0797

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**SECCIÓN DE ACTAS***Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Excma. Deputación Provincial, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de marzo de dous mil dezaseis, o Proxecto de Orzamento da Deputación Provincial para o ano 2016, e documentación que se acompaña; exponse ó público na Secretaría desta Deputación, por espazo de 15 días hábiles, en cumprimento do disposto nos artigos 112.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, durante os cales se admitirán reclamacións e suxestións aos mesmos, transcorrido dito prazo sen que se presentaran reclamacións e suxestións entenderase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no art. 169 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Lugo, trinta de marzo de dous mil dezaseis.- **O PRESIDENTE**, Darío Campos Conde. **O SECRETARIO**, Manuel Castiñeira Castiñeira.

R. 0842

Anuncio

Aprobada polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de marzo de dous mil dezaseis, a "Modificación do Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2016, vía suplemento de crédito", exponse ao público na Secretaría desta Entidade Provincial, por espazo de quince días, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; durante os cales admitiranse reclamacións e suxestións ó mesmo. Transcorrido dito prazo sen que se produzan reclamacións ou suxestións entenderase definitivamente aprobado

Lugo, trinta de marzo de dous mil dezaseis.- **O PRESIDENTE**, Darío Campos Conde. **O SECRETARIO**, Manuel Castiñeira Castiñeira.

R. 0843

CONCELLOS**BURELA***Anuncio*

Aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 16 de marzo de 2016 Padrón do Servizo de Axuda no Fogar de (libre concurrencia e dependentes), do mes de febreiro do 2016, que no seu importe total ascende á suma de 5.200,30 €.

Por medio do presente exponse ao público durante o prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

R. 0767

GUNTÍN*Anuncio***FORMALIZACIÓN DE CONTRATO:****1.- ENTIDAD ADJUDICADORA:**

- Organismo: Ayuntamiento de Guntín.



DON MANUEL CASTIÑEIRA CASTIÑEIRA, Secretario Xeral desta Excma. Deputación Provincial de Lugo,

C E R T I F I C O: Que o Pleno desta Excma. Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de marzo de dous mil dezaseis, adoptou, entre outros, o seguinte acordo literal:

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA O ANO 2016 (PRORROGADO 2015), VÍA SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

Visto o ditame da Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, do seguinte teor:

“Vista a proposta da Presidencia, que di o seguinte:

“Visto o expediente así como o informe de Intervención, considerando a necesidade e urxencia de executar as actuacións reflectidas neles, e dada a insuficiencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento, segundo figura na memoria que acompaña á presente proposta, proponse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, vía suplemento de crédito e crédito extraordinario co seguinte detalle:

Suplemento de Crédito:

<u>Aplicación Orzamentaria</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importes</u>
1531.65000	Acceso aos núcleos de poboación, Plan de Obras e Servizos	700.000,00
1532.762	Pavimentación de vías públicas, Transferencias de Capital a Concellos	485.000,00
2314.462	Prestación de servizos a persoas dependentes e asistencia social, Transferencias Correntes a Concellos	300.000,00
2315.749	Centros de atención a maiores, Transferencia de Capital á Sociedade Urbanística Provincial	1.500.000,00

3410.762	Promoción e fomento do deporte, Transferencias de capital a Concellos	798.138,00
4311.48903	Feiras, Fundación Feiras e Exposicións	170.519,23
4320.462	Información e promoción turística, Transferencias Correntes a Concellos	20.000,00
4531.619	Plan de Obras e Servizos, RVL	800.000,00
9200.762	Administración Xeral, Transferencias de Capital a Concellos	245.000,00
9430.462	Transferencias a outras Entidades Locais, Transferencias Correntes a Concellos	600.000,00
9430.762	Transferencias a outras Entidades Locais, Transferencias de Capital a Concellos	2.400.000,00

Financiamento:

<u>Concepto</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importes</u>
870.00	Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais	8.018.657,23

2º.- Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría Provincial por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no BOP, todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas”.

A Comisión de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. José Pardo Lombao e Dª. Elena Candia López, representantes do Grupo Provincial Popular, e o voto en contra do Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, acorda informar favorablemente a proposta presentada e propoñer ó Pleno a súa aprobación se procede”.

Efectuada a, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 24; votos en contra, 1. Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Para que conste expido a presente certificación, de orde e co Visto e Prace do Ilmo. Sr. Presidente, coa reserva do establecido no art. 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en Lugo a once de abril de dous mil dezaseis.

Vº. e Prace

O PRESIDENTE,

P.D. Decreto nº 2616, de 26-10-2015

O DEPUTADO PROVINCIAL,

Asdo: Álvaro Santos Ramos





COMISIÓN DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL
DE CONTAS

DITAME

Vista a Proposta da Presidencia en relación co punto epigrafiado *“2.Proposta de modificación do Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2016, vía suplemento de crédito.”*, a Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. José Pardo Lombao, e D^a. Elena Candia López, representantes do Grupo Provincial Popular, e o voto en contra de D. Manuel Martínez Núñez, deputado non adscrito, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ó Pleno a súa aprobación, se procede.

Pazo Provincial de Lugo, a 23 de marzo de 2016.



Proposta de Modificación do Orzamen- to da Deputación 2016, vía Suplemento de Crédito

(Pleno marzo 2016)

1. Proposta do Presidente
2. Informe Inicial de Intervención
3. Incoación
4. Memoria
5. Proposta de Acordo
6. Informe final de Intervención



Proposta da Presidencia

Na actual conxuntura económica, é obrigado adoptar medidas extraordinarias e urxentes, que non se poden adiar a outros exercicios orzamentarios, co obxectivo de que as funcións propias do ente provincial se presten e executen da mellor forma posible, entre as dispoñibles na estrutura administrativa e con cargo aos remanentes de tesourería existentes.

A redución das achegas económicas ás administracións locais, mesmo as finalistas, procedentes da administración central e autonómica, determinan que sexa máis difícil manter unha constante na cantidade e na calidade dos servizos que se prestan polas mesmas. Os veciños e veciñas da provincia de Lugo son merecentes doutra resposta, na medida das posibilidades da Deputación. É esa xustificación da provisión de medidas extraordinarias e urxentes, postuladas coa modificación crediticia que se tramita.

Na Deputación de Lugo constatamos e salientamos unha especial inquietude e sensibilidade na máxima colaboración cos Concellos da provincia. A colaboración en pé de igualdade cos municipios é razón básica do ente provincial; foino en exercicios precedentes e debe selo no futuro. É unha aposta desta Presidencia.

O contexto económico de redución de ingresos nas corporacións locais, incluíndo a propia Deputación, impón, nunha actuación responsable, acometer un esforzo suplementario e con celeridade, na medida das dispoñibilidades económicas existentes, dotar dos maiores recursos ás aplicacións dedicadas á colaboración cos Concellos e tamén ao investimento que redunde nas persoas. Con esa finalidade, e plasmando a vontade dos grupos políticos representados nesta Deputación, estímase preciso adoptar un conxunto de medidas encamiñadas á realización dunha modificación orzamentaria, vía suplemento de crédito, de xeito que ás aplicacións do orzamento inicialmente aprobado, sexan incrementadas, mediante a utilización de re-



manentes de tesourería existentes. Os fondos previstos inicialmente no orzamento para este exercicio económico vense incrementados nesas partidas, froito do esforzo de xestión e da decisión firme de colaborar, na medida do posible, coa dinamización da actividade económica na nosa provincia que redundará, de xeito seguro, nunha mellora na calidade dos servizos prestados polos Concellos e nunha mellor atención ás persoas.

As circunstancias expostas fan que as actuacións propostas revistan carácter urxente e non se poda adiar a súa execución a exercicios orzamentarios posteriores. Entendemos que sería irresponsable ter recursos ociosos e sen empregar, mentres sofren as facendas municipais ou as nosas veciñas e veciños soportan indefensos a lacra do desemprego.

Polo exposto e coa xustificación referida propónse que se realicen no orzamento do ano 2016 as seguintes modificacións orzamentarias, pola vía do suplemento de crédito e con cargo a remanentes de tesourería de exercicios orzamentarios anteriores, do xeito seguinte:

TRANSFERENCIAS A CONCELLOS

a) Transferencias de capital aos Concellos

A estas accións e actuacións vanse dedicar 3.928.138,00 € xa que a situación na que se atopan os Concellos, pola importante redución dos ingresos, aconsella esta achega de fondos para a realización de investimentos en servizos de carácter municipal. O obxectivo é que aqueles redunden en mellorar a vida diaria dos habitantes desta provincia e dinamizar actividade económica dos municipios.

Con carácter específico, as seguintes:

- Concello de Cervo, proxecto plurianual, anualidade 2016, Paseo de Sargadelos, 135.000,00 €.
- Concello de Corgo, proxecto plurianual, anualidade 2016, Instalacións deportivas, 218.750,19 €.
- Concello de Carballedo, Instalacións deportivas, 99.387,81 €.
- Concello de Palas de Rei, Instalacións deportivas, 230.000,00 €.



- Concello de Xove, Instalacións deportivas, 250.000,00 €.
- Concello de Foz, proxecto plurianual, anualidade 2016, Pavimentación vías, 350.000,00 €.
- Concello de As Nogais, Infraestruturas varias, 120.000,00 €.
- Concello de Begonte, Edificios, 45.000,00 €.
- Concello de Riotorto, Camión, 80.000,00 €.

b) Transferencias correntes a entidades locais.

Proponse dedicar a estas actuacións unha cantidade de 920.000,00 €. Os razoamentos que xustifican a modificación proposta neste apartado son os subliñados no apartado a) precedente e que alude a situación económica na que están espetados os nosos Concellos. Antes fixemos referencia a necesidade de investir. Esa mesma situación prodúcese no que atinxe ao gasto corrente. Incrementábase o esforzo de colaboración cos Concellos para axudarlles no gasto corrente, de xeito que sosteñan moitas das súas actividades ordinarias das que fan uso e gozan os veciños e veciñas. Estas accións directamente vencelladas a actividade cotián dos Concellos non permite esperar. Ou se implementan recursos ou se suspenden aquelas actividades cotiás. Velaquí que non se podan adiar. A urxencia resulta plenamente xustificada.

Con carácter específico inclúese unha achega complementaria para o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) de 300.00,00 €, e ao Concello de Riotorto para a Feira do Ferro por 20.000,00 €.

SOCIEDADE URBANÍSTICA

Transferencias de capital

Vaise asignar a esta aplicación unha cantidade de 1.500.000,00 € destinados ao inicio da construción e equipamento das residencias para a terceira idade en Portomarín, O Caurel e Becerreá a través da Sociedade Urbanística, entendéndose que é prioritaria esta actuación para o presente exercicio orzamentario, xa que a súa necesidade non permiten adialas a exercicios posteriores.



INVESTIMENTOS

Investimentos en vías públicas e complemento do POS 2016

A redución de ingresos nos Concellos da provincia de Lugo, que se ve incrementada un ano máis pola redución das achegas doutras administracións públicas fai que, pese a que este tipo de investimentos para os Concellos teñen sempre un carácter prioritario nos orzamentos elaborados por este equipo de goberno, sexa preciso facer un esforzo adicional para colaborar con eles na realización de investimentos que melloren a calidade de vida dos cidadáns suplementando o xa importante esforzo investidor da Deputación en actuacións urxentes e que non se poden adiar a exercicios posteriores. Asignase para complementar o POS 2016 unha cantidade de 1.500.000,00 €, dos que 800.000,00 € dedicaranse á Rede Viaria Provincial.

FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS

O Padroado da Fundación Feiras e Exposicións de Lugo celebrado o 01.02.2016 acordou incrementar a achega ao mantemento no exercicio 2016 e unha achega extraordinaria para o saneamento da Fundación Pazo de Feiras e Congresos a realizar no 2016 que implica incrementar a achega inicialmente prevista en 170.519,23 €, que non é posible adiar a exercicios posteriores.

Polo exposto PROPOÑO a modificación do Orzamento da Deputación de Lugo para o ano 2016, vía suplemento de crédito, con cargo ao remanente líquido de tesourería de exercicios anteriores de acordo co seguinte detalle:

Actuacións	Aplicación Orzamentaria	Importe
Transferencias de Capital a Concellos		
(Cervo 135.000,00 e Foz 350.000,00)	Pavimentación de vías públicas 1532.762	485.000,00 €
(Corgo 218.750,19, Carballado 99.387,81, Palas de Rei 230.000,00,	Promoción e fomento do deporte 3410.762	798.138,00 €



Xove 250.000,00)		
(Begonte 45.000,00, As Nogais 120.000,00 e Riotorto 80.000,00)	Administración Xeral 9200.762	245.000,00 €
(Outras)	Transferencias a outras Entidades Locais 9430.762	2.400.00,00 €
	Total	3.928.138,00 €
Transferencias Correntes a Concellos		
(SAF)	Prestación de servizos a persoas dependentes e asistencia social 2314.462	300.000,00 €
(Riotorto 20.000,00)	Información e promoción turística 4320.462	20.000,00 €
(Outras)	Transferencias a outras Entidades Locais 9430.462	600.000,00 €
	Total	920.000,00 €
Sociedade Urbanística		
(Residencias terceira idade, Portomarín, O Caurel, Becerreá)	Centros de atención a maiores 2135.749	1.500.000,00 €
	Total	1.500.000,00 €
Investimentos		
(800.000,00 RVL, 700.000,00 Obras Concellos)	Plan de Obras e Servizos RVL 4531.619	800.000,00 €
	Plan de Obras e Servizos 1531.65000	700.000,00 €
	Total	1.500.000,00 €
Fundación Feiras e Exposicións		
(Incremento achega 2016 e achega extraordinaria)	Feiras 4311.48903	170.519,23 €
	Total	170.519,23 €

TOTAL 8.018.657,23 €

Lugo, 21 de marzo de 2016,
O Presidente,

Darío Campos Conde



Informe de Intervención

Asunto: Proposta de Modificación do Orzamento da Deputación 2016, vía Suplemento de Crédito

Logo de ver a proposta de Presidencia de data 21 de marzo de 2016, sobre modificación do Orzamento con cargo a Remanentes de Tesourería para dotar de consignación orzamentaria, co fin de executar as seguintes actuacións:

Actuacións	Aplicación Orzamentaria	Importe
Transferencias de Capital a Concellos		
(Cervo 135.000,00 e Foz 350.000,00)	Pavimentación de vías públicas 1532.762	485.000,00 €
(Corgo 218.750,19, Carballedo 99.387,81, Palas de Rei 230.000,00, Xove 250.000,00)	Promoción e fomento do deporte 3410.762	798.138,00 €
(Begonte 45.000,00, As Nogais 120.000,00 e Riotorto 80.000,00)	Administración Xeral 9200.762	245.000,00 €
(Outras)	Transferencias a outras Entidades Locais 9430.762	2.400.000,00 €
	Total	3.928.138,00 €

Transferencias Correntes a Concellos		
(SAF)	Prestación de servizos a persoas dependentes e asistencia social 2314.462	300.000,00 €
(Riotorto 20.000,00)	Información e promoción turística 4320.462	20.000,00 €
(Outras)	Transferencias a outras Entidades Locais 9430.462	600.000,00 €
	Total	920.000,00 €



Sociedade Urbanística		
(Residencias terceira idade, Portomairín, O Caurel, Becerreá)	Centros de atención a maiores 2135.749	1.500.000,00 €
	Total	1.500.000,00 €
Investimentos		
(800.000,00 RVL, 700.000,00 Obras Concellos)	Plan de Obras e Servizos RVL 4531.619	800.000,00 €
	Plan de Obras e Servizos 1531.65000	700.000,00 €
	Total	1.500.000,00 €
Fundación Feiras e Exposicións		
(Incremento achega 2016 e achega extraordinaria)	Feiras 4311.48903	170.519,23 €
	Total	170.519,23 €

TOTAL 8.018.657,23 €

Emítese o seguinte INFORME:

1.) Para dotar o crédito necesario nas aplicacións orzamentarias precisas para a execución das actuacións anteriores, procede a seguinte modificación de crédito consistente en:

Suplemento de Crédito:

<u>Aplicación Orzamentaria</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importes</u>
1531.65000	Acceso aos núcleos de poboación, Plan de Obras e Servizos	700.000,00
1532.762	Pavimentación de vías públicas, Transferencias de Capital a Concellos	485.000,00
2314.462	Prestación de servizos a persoas dependentes e asistencia social, Transferencias Correntes a Concellos	300.000,00
2315.749	Centros de atención a maiores, Transferencia de Capital á Sociedade Urbanística Provincial	1.500.000,00
3410.762	Promoción e fomento do deporte, Transferencias de capital a Concellos	798.138,00



DEPUTACION DE LUGO

4311.48903	Feiras, Fundación Feiras e Exposicións	170.519,23
4320.462	Información e promoción turística, Transferencias Correntes a Concellos	20.000,00
4531.619	Plan de Obras e Servizos, RVL	800.000,00
9200.762	Administración Xeral, Transferencias de Capital a Concellos	245.000,00
9430.462	Transferencias a outras Entidades Locais, Transferencias Correntes a Concellos	600.000,00
9430.762	Transferencias a outras Entidades Locais, Transferencias de Capital a Concellos	2.400.000,00

2.) Polo exposto, a que subscribe informa:

- a). O artigo 177 do R.d. legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante TRLRFL), os artigos 35 a 38 do R.d. 500/90, do 20 de abril, que desenvolve o capítulo 1º do título VI da Lei reguladora das facendas locais en materia de orzamentos (en adiante R.d. 500/90) e a base nº6 de execución do Orzamento Xeral 2015, prorrogado ao 2016, regulan as modificacións de crédito, mediante as cales se asigna crédito (consignación orzamentaria) para a realización dun gasto específico e determinado que non se pode demorar ata o exercicio seguinte e para o que non existe crédito ou o existente é insuficiente.
- b). Segundo a normativa anterior, o gasto poderase financiar con cargo ao remanente líquido de tesourería, con novos ou maiores ingresos recadados sobre dos totais previstos no orzamento corrente, e mediante anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras aplicacións orzamentarias do orzamento vixentes non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbacións do respectivo servizo. Se o gasto se refire a un investimento, pódese financiar con recursos procedentes de operacións de crédito.
- c). A nova normativa en materia de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira ven establecida pola Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril (en adiante LOE), que entrou en vigor o 1 de maio e derroga expresa-



mente o texto refundido aprobado polo R. d. lexislativo 2/2007, do 28 de decembro, da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, sendo de aplicación o R. d. 1463/2007, de 2 de novembro (en adiante REO), polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades locais, en todo o que non se opoña ao previsto na LOE.

O artigo 16.2 do REO require informe da intervención local sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade que se incorporará ao previsto (entre outros) no artigo 177.2 do TRLRFL, referido á aprobación da modificación orzamentaria mediante créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

O Orzamento Xeral 2015, prorrogado ao 2016, cumpriu coa estabilidade orzamentaria no momento da súa aprobación, e así mesmo o proxecto de Orzamento Xeral para 2016, e a liquidación do Orzamento 2015 cumpre co principio de estabilidade orzamentaria, segundo o informe de Intervención unido á Conta Xeral do 29 de febreiro do 2016, e deberá levarse ao Pleno un Plan Económico-Financeiro de reequilibrio que permita no ano en curso e o seguinte o cumprimento da regra de gasto (art. 21 LOE) co contido e na forma que establezan os artigos 21 e 23 da citada norma. Doutra banda, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en resposta a consultas da normativa de orzamentos das EELL, manifesta que as modificacións deben aprobarse dando cumprimento ás normas orzamentarias contidas no TRLRFL e ao RD500/90, podendo valorarse o cumprimento do obxectivo de estabilidade e da regra de gasto de forma trimestral coincidindo coa obriga de remitir tal información no marco da Orde 2105/2012, do 1 de outubro.

d). Segundo a regulación do citado expediente é necesario a seguinte tramitación:

1º. Serán incoados por orde do Presidente da Corporación.

2º. A proposta deberase acompañar dunha Memoria xustificativa da necesidade da medida que deberá precisar:

- A clase de modificación a realizar.
- Aplicacións orzamentarias ás que afecta.
- Medidas e recursos que a financian, e acreditar:



Carácter específico e determinado do gasto a realizar, e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.

A inexistencia ou insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica.

3º. A proposta de modificación, previo informe da Intervención, será sometida ao Pleno da Deputación, e rexerán os mesmos trámites e requisitos que para os orzamentos.

3.) O órgano competente para a aprobación inicial da citada modificación é o Pleno da Excma. Deputación segundo o artigo 33.2.c) da Lei 7/85 e o artigo 177.2 do TRLRFL.

Lugo, a 21 de marzo de 2016.

A INTERVENTORA,

Rosa Abelleira Fernández



Incoación

Pola presente, ordénase a incoación de expediente de modificación orzamentaria co fin de executar as actuacións prioritarias e urxentes que se poñen de manifesto nos documentos adxuntos, financiándose con Remanente Líquido de Tesourería por un importe de 8.018.657,23 €.

Lugo, 21 de marzo de 2016,
O PRESIDENTE,

Darío Campos Conde



Memoria

Visto informe de Intervención do 21 de marzo do ano en curso, confecciónase a presente memoria, xustificativa da modificación orzamentaria de suplemento de crédito, no Orzamento da Deputación para 2016.

A consignación orzamentaria é insuficiente para a execución total das actuacións reflectidas no informe de Intervención do 21 de marzo do corrente, debendo dotarse o crédito no actual Orzamento 2016 nas aplicacións orzamentarias e polos importes que se reflicten no informe da Intervención anteriormente citado.

A xustificación da imposibilidade de demorar a execución ata o ano seguinte ven reflectida na proposta de Presidencia que inicia o expediente de modificación orzamentaria dos distintos servizos da Deputación, financiándose co Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais.

En resumo, a modificación consiste en:

Suplemento de Crédito:

<u>Aplicación Orzamentaria</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importes</u>
1531.65000	Acceso aos núcleos de poboación, Plan de Obras e Servizos	700.000,00
1532.762	Pavimentación de vías públicas, Transferencias de Capital a Concellos	485.000,00
2314.462	Prestación de servizos a persoas dependentes e asistencia social, Transferencias Correntes a Concellos	300.000,00
2315.749	Centros de atención a maiores, Transferencia de Capital á Sociedade Urbanística Provincial	1.500.000,00
3410.762	Promoción e fomento do deporte, Transferencias de capital a Concellos	798.138,00



DEPUTACION DE LUGO

4311.48903	Feiras, Fundación Feiras e Exposicións	170.519,23
4320.462	Información e promoción turística, Transferencias Correntes a Concellos	20.000,00
4531.619	Plan de Obras e Servizos, RVL	800.000,00
9200.762	Administración Xeral, Transferencias de Capital a Concellos	245.000,00
9430.462	Transferencias a outras Entidades Locais, Transferencias Correntes a Concellos	600.000,00
9430.762	Transferencias a outras Entidades Locais, Transferencias de Capital a Concellos	2.400.000,00

Financiamento:

<u>Concepto</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importes</u>
870.00	Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais	8.018.657,23

Lugo, 21 de marzo de 2016,

O PRESIDENTE,

Darío Campos Conde



Proposta

Asunto: Proposta de Modificación do Orzamento da Deputación 2016, vía Suplemento de Crédito.

Vistas a proposta de Presidencia así como o informe de Intervención, considerando a necesidade e urxencia de executar as actuacións reflectidas neles, e dada a insuficiencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento, segundo figura na memoria que acompaña á presente proposta, propónse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1) Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, vía suplemento de crédito e crédito extraordinario co seguinte detalle:

Suplemento de Crédito:

<u>Aplicación Orzamentaria</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importes</u>
1531.65000	Acceso aos núcleos de poboación, Plan de Obras e Servizos	700.000,00
1532.762	Pavimentación de vías públicas, Transferencias de Capital a Concellos	485.000,00
2314.462	Prestación de servizos a persoas dependentes e asistencia social, Transferencias Correntes a Concellos	300.000,00
2315.749	Centros de atención a maiores, Transferencia de Capital á Sociedade Urbanística Provincial	1.500.000,00
3410.762	Promoción e fomento do deporte, Transferencias de capital a Concellos	798.138,00
4311.48903	Feiras, Fundación Feiras e Exposicións	170.519,23
4320.462	Información e promoción turística, Transferencias Correntes a Concellos	20.000,00



4531.619	Plan de Obras e Servizos, RVL	800.000,00
9200.762	Administración Xeral, Transferencias de Capital a Concellos	245.000,00
9430.462	Transferencias a outras Entidades Locais, Transferencias Correntes a Concellos	600.000,00
9430.762	Transferencias a outras Entidades Locais, Transferencias de Capital a Concellos	2.400.000,00

Financiamento:

<u>Concepto</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importes</u>
870.00	Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais	8.018.657,23

2) Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría Provincial por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no BOP, todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Lugo, 21 de marzo de 2016,

O PRESIDENTE,

Darío Campos Conde



Informe de Intervención

Asunto: Proposta de Modificación do Orzamento da Deputación 2016, vía Suplemento de Crédito.

Vista proposta de modificación, memoria, informes que anteceden e demais documentación do expediente, emítase o seguinte informe:

En relación á modificación proposta de suplemento de crédito, a lexislación aplicable é a contida no artigo 177 do TRLRFL, os artigos 35 a 38 do R.d. 500/90, do 20 de abril, a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, o REO, e a base nº6 de execución do Orzamento Xeral 2015 prorrogado para 2016. Ao parecer da que subscribe, a proposta de modificación axústase a ditas normas.

Lugo, a 21 de marzo de 2016,
A INTERVENTORA,

Rosa Abelleira Fernández